

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL XUVENTUDE E "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO", PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA "PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS" NO ANO 2022.**

*Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)*

**REUNIDOS**

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, Tania Lago Aller, con DNI 36.148.598-G, presidenta de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" con NIF G36975944, con domicilio social na rúa Ramón Cabanillas n.º 1 – Barrantes en Ribadumia (Pontevedra), actuando en calidade de representante da entidade en virtude do seu nomeamento por acordo da Asemblea Xeral, de conformidade co disposto nos artigos 11º e 12º dos seus Estatutos, inscritos no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia por resolución de 26/07/2006 co núm. 2006/9774-1ª, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

**EXPOÑEN**

**Primeiro.** As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do

1



Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

**Segundo.** A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

**Terceiro.** A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude da dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

**Cuarto.** A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1.b) do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

**Quinto.** "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" é unha entidade sen ánimo de lucro de natureza asociativa constituída e inscrita no Rexistro de Asociacións co nº 2006-9774-1, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable e que ten entre os seus fins, fomentar no ámbito de Galicia a adopción, nacional e internacional, e o acollemento; facilitar ás familias galegas axuda para levar a cabo os procesos de adopción ou acollemento e colaborar coas administracións públicas para facilitar os procesos de adopción e acollemento, segundo consta no artigo 5 dos seus estatutos.

A entidade figura recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6183.

**Sexto.** A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta

2



á súa familia de orixe. A Xunta de Galicia promove a adopción dunha persoa menor cando, valorada a súa situación e circunstancias, se constate a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe, responda ao interese daquela e constitúa a medida máis axeitada para atender ás súas necesidades.

A dita medida determina a selección dunha familia idónea para o neno ou a nena que a necesita. Polo tanto, é fundamental que a familia estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar, dos recursos aos que poder acudir.

Un dos factores que, sen dúbida, axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional como estratéxico e educativo, sendo necesario reforzar o acompañamento e o apoio ás familias adoptantes e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores adoptados.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", vén desenvolvendo un "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A execución material do programa materialízase co fomento da concesión dunha subvención directa coa sinatura dun convenio de colaboración con "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a cal está especializada no ámbito da infancia, cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia achegando ás familias adoptantes e acolledoras e aos profesionais a realidade adoptiva de Galicia, así como promocionar espazos de reflexión en busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos.

Por outra banda, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos aportados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

**Sétimo.** A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, a través do cal a referida Asociación aporta un punto de vista único para desenvolver a actividade do programa, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias adoptantes e acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa financiado ten por obxecto o desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

A dita financiación do programa, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do



24 de febreiro do 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

Esta entidade ten acreditado, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Xuventude considera idóneo o impulso á "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" para a execución do Programa "Preparación, Apoio e Acompañamento ás Familias Adoptivas e Acolledoras" no ano 2022.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é o financiamento por parte da Consellería de Política Social e Xuventude a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a través da concesión directa dunha subvención pública para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras" do que é titular a dita entidade, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento da persoa menor adoptada mediante a orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias adoptantes e acolledoras e/ou as persoas menores.

### SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Son beneficiarios/as do programa as persoas menores adoptadas e acollidas así como as familias adoptantes e acolledoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

### TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo do programa é ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio as persoas menores adoptadas e acollidas así como as familias adoptantes e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das persoas menores adoptadas.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:



- Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de adopción e as familias adoptivas e acolledoras co fin de dar orientación e asesoramento en situacións problemáticas que poidan xurdir.
- Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia na adopción de menores e profesionais especializados para dotar ás familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social da persoa menor e a súa vinculación familiar.
- Realización de encontros anuais entre familias en proceso de adopción e adoptivas e acolledoras, abertas ás persoas interesadas nesta materia, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio para achegar a realidade da experiencia diaria de integración dunha persoa menor nacional ou doutro país ás familias neste proceso.
- Organización de congresos, simposios e xuntanzas en materia de adopción.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras.

O desenvolvemento das actividades descritas para cada unha das áreas de actuación estará supeditado ás restricións e recomendacións da autoridade sanitaria en función da evolución da pandemia de Covid-19. "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" acollerase ás directrices da dita autoridade sanitaria para a súa execución.

#### **CUARTA. COMPROMISOS DE "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"**

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento":

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de entidade beneficiaria estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades do programa, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.
- c) Xustificar ante a Consellería de Política Social e Xuventude o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Política Social e Xuventude, así como a calquera outra actuación de comprobación e





control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

- e) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no clausulado deste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e o artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- j) Asemade "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- k) Subministrar á Consellería de Política Social e Xuventude, previo requirimento, toda a información necesaria sobre o cumprimento por "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" das obrigas previstas segundo o programa establecido no Anexo II, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- l) Comprometerse a empregar a lingua galega en todas as actuacións derivadas do presente programa, incluído a información en páxinas web.





## QUINTA. SUBCONTRATAÇÃO

Para a execución do presente programa "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" poderá subcontratar con outras entidades no marco que permite a Lei 9/2007, de 13 de xuño.

A entidade subcontratada quedará obrigada soamente ante "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a cal asumirá a total responsabilidade da execución da subvención fronte a Administración.

A actividade a subcontratar relativa ao asesoramento xurídico será dun 10 % da contía total do programa.

A entidade subcontratada non terá acción directa fronte á Consellería de Política Social e Xuventude polas obrigas con "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" como consecuencia da execución da subvención principal e dos subcontratos.

## SEXTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" disporá de persoal especializado nesta área de actuación, con dedicación exclusiva.

O persoal que "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes ao seu persoal e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de entidade empregadora.

A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que desenvolvan o programa a subvencionar a través do dito convenio e a Consellería de Política Social e Xuventude, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

## SÉTIMA. CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1. A Consellería de Política Social e Xuventude contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía global de corenta e dous mil catrocentos euros (42.400,00 €), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente.

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade beneficiaria.



Así mesmo, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" comprométese a achegar a cantidade de vinte e dous mil oitocentos cincuenta euros (22.850,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

Ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

2. O pagamento da subvención realizarase a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", en aplicación dos artigos 26.4 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, do seguinte xeito:

a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 33.920,00 € (80% da cantidade anual subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas no programa a subvencionar a través deste convenio, do seguinte xeito:

1º. A cantidade 16.840,00 € (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos 24.400,00 euros restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio, co obxecto de que se poidan cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 17.080,00 € pagaranse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar por este convenio.

b) Os 8.480,00 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" debe presentar:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto.



- 2º. Actividades realizadas.
- 3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
- 4º. Valoración global.
- 5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte do órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao programa a subvencionar polo convenio.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:



1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios

3º. Documentos TC2 e TC1 das persoas traballadoras correspondentes ao mes imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarse un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.

- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", en cuxo caso deberá achegar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

1º. NIF da entidade.



2º. DNI ou NIE da persoa representante.

3º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal da Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" a presentación dos documentos correspondentes.

4. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite 23 de decembro de 2022.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre, unha vez obren no seu poder.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Sen prexuízo de que o gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente ata o 31 de decembro de 2022 coa data límite de xustificación ao 23 de decembro de 2022,, "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" terá como prazo límite o 31 de xaneiro de 2023 para remitir á Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, unha memoria final de actuación do exercicio 2022, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluirá: o número de persoas atendidas (persoas menores e familias atendidas, desagregadas segundo os criterios establecidos), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados.

"MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento", no momento da xustificación da execución total do programa e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.



## **OITAVA.- COMPATIBILIDADE**

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

En todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

## **NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL**

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Xuventude a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins do programa subvencionado a través deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

## **DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS.**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións

12





vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia -Consellería de Política Social e Xuventude- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no seu caso.

No marco da concesión da subvención os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Especificamente os datos serán comunicados á Intervención Xeral da Administración do Estado como órgano responsable da Base de Datos Nacional de Subvencións, coa finalidade da promoción de transparencia, a planificación das políticas públicas, a xestión e colaboración na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e de subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

“MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución do seu programa subvencionado a través deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. “MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento” será cesionaria da información que lle subministre a Consellería de Política Social e Xuventude e será responsable do tratamento da información. Os datos persoais aos que teña acceso non serán

13



comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

## **DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia."

## **DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA**

O presente convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante, os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓNS.**

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.





## DÉCIMO CUARTA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

## DÉCIMO QUINTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir a "MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento" o reintegro das cantidades achegadas, segundo o establecido na cláusula sétima. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

### **DÉCIMO SEXTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e data da súa sinatura dixital.

Dunha parte a administración  
concedente da subvención:  
POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA  
SOCIAL E XUVENTUDE,  
A conselleira,

Fabiola García Martínez

Doutra a entidade colaboradora do programa:

POR "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE  
ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO",  
A presidenta,

Tania Lago Aller



**ANEXO I**

<b>DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2022 CONVENIO DE COLABORACIÓN CON "MANAIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE ADOPCIÓN E ACOLLEMENTO"</b>				
<b>Concepto</b>	<b>MANAIA</b>	<b>IRPF</b>	<b>Xunta de Galicia</b>	<b>TOTAL</b>
Gastos de xestión das actividades (nómina do coordinador do Programa)	4.822,09 €	10.417,91 €	19.760,00 €	35.000,00 €
Axudas de custo/desprazamentos	1.100,00 €		1.900,00 €	3.000,00 €
Actividades, conferencias, obradoiros...	400,00 €		18.350,00 €	18.750,00 €
Comunicacións e gastos informáticos	400,00 €		700,00 €	1.100,00 €
Gastos de administración e xestión	360,00 €		640,00 €	1.000,00 €
Outros gastos: - Material de oficina, didáctico, diversos - Gastos de difusión - Gastos de difícil xustificación	450,00 €		1.050,00 €	1.500,00 €
Gastos de asesoramento xurídico. Subcontratación.	4.900,00 €			4.900,00 €
<b>Total Convenio</b>	<b>12.432,09 €</b>	<b>10.417,91 €</b>	<b>42.400,00 €</b>	<b>65.250,00 €</b>





## ANEXO II

### PROGRAMA DE PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS

#### ÍNDICE

#### 1.- PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E

##### ACOLLEDORAS

- 1.1.- Obxectivos
- 1.2.- Accións
- 1.3.- Cómo e onde
- 1.4.- Recursos

#### 2.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

- 2.1.- Encontros familiares e Xornadas Formativas
- 2.2.- Obradoiros de familia e grupos de apoio
- 2.3.- Congresos, Simposiums, Xuntanzas...
- 2.4.- Coordinación e atención individualizada
- 2.5.- Cadro orientador obxectivos/actividades/beneficiarios



## 1.- PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS E ACOLLEDORAS

As asociacións vimos observando a necesidade de que a formación e orientación das familias mellore substancialmente, e que as propias familias adoptantes ou acolledoras se incorporen e comprometan no proceso de formación para preparamelas, desde a súa experiencia familiar, para afrontar as dificultades que xorden durante a integración do menor na familia, e nas súas diferentes etapas evolutivas, tal coma manifestan moitos profesionais de referencia, coma por exemplo Jesús Palacios.

Con esta intención MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento quere continuar co seu servizo de información, preparación e acompañamento, en calquera momento do proceso, para familias adoptantes e acolledoras e familias interesadas nestes eidos, dende a propia perspectiva das familias que forman a asociación, perspectiva única xa que parte non só da formación senón tamén da propia experiencia.

### 1.1.- Obxectivos

O obxectivo principal do programa é ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio ás familias adoptivas e acolledoras para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das nenas e nenos adoptados ou acollidos.

Obxectivos específicos:

- **Realizar formación de calidade** para todas e cada unha das partes que interveñen no proceso achegando a realidade da experiencia diaria da integración dunha nena, neno ou adolescente, nacional ou doutro país, ás familias adoptivas e ás familias acolledoras, dotándoas de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social da nena, neno ou adolescente e a súa vinculación familiar.





- **Ofrecer acompañamento e apoio** contactando e concienciando ó máximo número de familias adoptivas e acolledoras posibles, contribuíndo a normalizar as súas vivencias e ofrecéndolles un lugar de encontro independentemente do momento en que se atope a súa adopción ou o seu acollemento.
- **Ofrecer todo tipo de información** relativa á adopción e ao acollemento de nenas, nenos ou adolescentes, tanto nacional como internacional dispoñendo do máximo de documentación actualizada en temas de interese e normativa relacionada.
- **Informar e formar a profesionais** implicados na atención e apoio a familias e menores adoptados e acollidos, mediante a invitación ás actividades organizadas, a planificación de accións específicas e a facilitación de material específico.

## 1.2.- Accións

### - Información

Ofrecer información real e veraz sobre todas as partes do proceso adoptivo e acolledor.

No noso funcionamento diario somos conscientes da importancia que ten que as persoas interesadas na adopción ou o acollemento reciban información real e veraz sobre tramites, países, Organismos Acreditados para a Adopción (OAAs)... Esta información, na fase preadoptiva e na súa fase postadoptiva será un referente único en Galicia.

### - Formación

Ofrecer formación continuada ás familias adoptivas e acolledoras.

Programa de formación e orientación ás familias no proceso de adopción e acollemento e transmisión de experiencias doutras familias, que faciliten a





comprensión da paternidade e maternidade adoptiva e acolledora, para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas das nenas, nenos e adolescentes.

**- Acompañamento**

Ofrecer espazos de acompañamento de igual a igual, tanto individual como en grupo, onde as familias poidan expresar as súas inquedanzas e problemáticas sen sentirse xulgadas.

**- Colaboración**

Ofrecer colaboración a todas as partes implicadas no proceso. Servindo de ponte entre as diferentes asociacións, entidades, OAs, Colexios Profesionais, Empresas adjudicatarias de Servizos Sociais, Centros Educativos...

**1.3.- Como e onde**

**- Atención**

*Telefónica:* Todos os días laborables en horario de oficina.

*Electrónica:* Todos os días laborables en horario de oficina.

*Presencial:* Tódolos días laborais na nosa Sede e **1 día o mes** en cada unha das **sete grandes cidades** de Galicia:

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo

A atención presencial realizarase en locais cedidos a MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento.

Tamén prestarase atención personalizada noutras datas e horarios, sempre que a consulta o precise.

**- Información**

*Web:* 24 horas ó día e 365 días o ano a través da web.





Información actualizada do funcionamento da asociación, servizos, axenda, proxectos, biblioteca-videoteca, saúde na adopción e o acollemento, deducións e axudas, tramitación de adopción nacional e internacional, tramitación do acollemento, novas e enlaces a outros sitios de interese...

*Atención:* Mediante calquera das formas arriba citadas.

#### **- Formación**

Encontros familiares e Xornadas Formativas un sábado ó ano e Obradoiros de familia e grupos de apoio unha vez o mes, en cada unha das sete cidades do proxecto en locais cedidos polos concellos a MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento. Tamén contaremos con Congresos, Simposiums e Xuntanzas...

#### **1.4.- Recursos**

##### **- Espazos**

Os locais necesarios serán aportados gratuitamente por MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento nas sete cidades incluídas no proxecto.

##### **- Recursos humanos**

Contamos cunha ampla rede de profesionais colaboradores especializados en adopción e acollemento ou nas diferentes áreas de formación que desenvolvemos, tanto en territorio galego coma nacional.

Desde MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento contamos cunha persoa contratada a tempo completo como Coordinadora para realizar as diferentes tarefas necesarias para desenvolver o programa, dita persoa conta con este perfil:

- Vinculación co eido adoptivo e colledor.
- Experiencia e formación en temas relacionados coa adopción e o acollemento de máis de 10 anos.
- Boa comunicadora, e con don de xentes.





- Con capacidade de facer de ponte, entre as necesidades das familias adoptivas e acolledoras con outros suxeitos e os recursos que poden existir.

#### *Funcións*

- Informar sobre cuestións específicas da adopción e o acollemento a través do teléfono, vía correo electrónico ou presencialmente.
- Apoiar a familias en situacións de crise, e facer de ponte cos especialistas.
- Orientar e asesorar ás familias adoptivas e acolledoras.
- Recompilar información dos diferentes países: documentación requirida para a solicitude, trámites, listas de espera...
- Moderar obradoiros.
- Dirixir e moderar o Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas e acolledoras.
- Asistir a congresos, seminarios ou xornadas que se organicen no ámbito nacional, ben como relator ou como oínte, segundo demanda.
- Representar a MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento en CORA, Coordinadora de Asociacións de adopción e acollemento.
- Colaborar con outras asociacións.
- Recibir e responder ós medios de comunicación, mesas redondas, entrevistas en radio e televisión.

#### *Funcións administrativas*

- Atender chamadas telefónicas, correo electrónico...
- Concertar citas para asesoramento persoal, coas persoas que o demanden.
- Administrar o fondo documental; dar entrada, rexistro e saída do material.
- Enviar e recibir a correspondencia; clasificala e arquivala.
- Enviar a documentación e información necesaria.
- Realizar cartas ou calquera outro tipo de informe ou escrito necesario, ben para remitir a socios ou presentar á xunta Directiva para a súa aprobación.
- Xestionar as salas: calendario de charlas, talleres...





- Seguir a información que poida ser de interese para a asociación; BOPV, BOG, revistas... ou outro tipo de información procedente doutras institucións e empresas privadas.
- Contactar con relatores para impartir charlas.
- Recoller solicitudes dos participantes á charla.
- Recoller datos daquelas persoas que utilizan internet para realizar a solicitude de nova familia socia.
- Convidar a actividades organizadas pola asociación, a diferentes persoas ou estamentos.

- Funcións de asesoramento xurídico

O asesoramento xurídico, como parte da actividade do programa, prestarase a través da contratación de Faiben, Fundación de Apoio á Infancia e ao Benestar. A dita entidade contará cunha persoa contratada a tempo completo como asesor xurídico para realizar diferentes tarefas, cunha porcentaxe de participación no proxecto do 10%, que tería as seguintes funcións: Informar sobre cuestións legais específicas, orientar e asesorar ás familias adoptivas e acolledoras, recompilar información e normativa de referencia, etc.

- **Recursos técnicos**

MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento conta con ordenador, proxector, altofalante... é dicir, pode cubrir as necesidades técnicas do proxecto con recursos propios.

- **Traballo en rede**

Mantemos contacto con moitas das entidades que traballan no eido da protección á infancia e colaboramos con elas en multitude de actividades, tanto ofrecéndolles formacións e información relevantes coma programando actividades conxuntas.



## 2.- ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Tódalas actividades son de balde abertas a todas as familias adoptivas e acolledoras ou en espera, sexan ou non socias de MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento.

### 2.1.- Encontros familiares e Xornadas Formativas - Mínimo 7 ó ano

Actividades de carácter preparatorio e orientativo, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio. Dirixidas a familias adoptivas e acolledoras e abertas a todas as persoas interesadas. Con todo tipo de temática relacionadas coa adopción e o acollemento en calquera dos seus momentos.

Esta actividade contará sempre con servizo de ludoteca durante a súa duración, coa finalidade de que ningunha familia quede sen asistir por non ter quen coide das fillas e fillos.

**Formato:**

- Mañá: Charla/Coloquio.
- Mediodía: Xantar/pícnic.
- Tarde: Obradoiros e/ou actividades lúdicas.

**Temporalización:**

- 1 sábado ó ano en cada unha das sete cidades.

**Duración:**

- Mínimo 4 horas.

**Metodoloxía:**

- Charlas, conferencias, obradoiros, actividades lúdicas...

**TOTAL:**

- 1 sesión por cidade x 7 cidades = 7 sesións (mínimo 28 horas)



## 2.2.- Obradoiros de familia e grupos de apoio - Mínimo 77 ó ano

Posta en marcha de obradoiros de familia e grupos de axuda mutua específicos moderados nalgúns casos polas propias familias e noutros por profesionais especializados. Terán metodoloxías participativas centradas nas demandas das propias familias que participen.

### **Temporalización:**

- 1 ó mes en cada unha das sete cidades (agás agosto)

### **Duración:**

- 2 horas.

### **Metodoloxía:**

- Charlas, coloquios, debates, cinefóruns, obradoiros, GAMs (grupos de axuda mutua)...

### **TOTAL:**

- 11 sesións por cidade x 7 cidades = 77 sesións (154 horas)

## 2.3.- Congresos, Simposiums, Xuntanzas...

A Asociación MANAIA, asociación galega de adopción e acollemento comprométese a organizar, colaborar na organización, participar ou asistir a todo tipo de actividades relacionadas coa adopción e o acollemento, sempre que teñan como obxectivo analizar, estudar, informar ou mellorar o eido adoptivo e/ou acolledor, preferentemente no territorio de Galicia.

Dende a asociación organizamos xornadas formativas concretas, formación para entidades e colectivos profesionais e organizamos cada dous anos o Congreso Galego de Adopción e Acollemento, do que levamos catro edicións.

## 2.4.- Coordinación e atención individualizada

A persoa que ostenta a coordinación do programa é a encargada de programar, organizar e xestionar tódalas actividades descritas anteriormente, atendendo para

26





elo ás peticións expresas das familias e aos temas que xorden na evolución da adopción e o acollemento.

Asemade, é tamén a encargada de ofrecer a atención e o asesoramento individualizado ás familias durante todo o ano, tanto na sede da asociación en horario de oficina coma desprazándose a cada unha das cidades onde se realiza o programa unha vez o mes, garantindo a maior cercanía e proximidade posible a todas as persoas usuarias. Para a atención especializada de índole legal, a persoa coordinadora exercerá de ponte entre as familias e o asesor xurídico de Faiben.

Tamén se encarga de tódalas actividades descritas nas súas funcións.

## 2.5.- Cadro orientador obxectivos/actividades/beneficiarios

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	BENEFICIARIOS
Realizar formación de calidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Encontros familiares e Xornadas Formativas</li> <li>• Obradoiros de familia e grupos de apoio</li> <li>• Congresos, Simposiums, Xuntanzas</li> </ul>	• Familias
Ofrecer acompañamento e apoio	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Encontros familiares e Xornadas Formativas</li> <li>• Obradoiros de familia e grupos de apoio</li> <li>• Coordinación e atención individualizada</li> </ul>	• Familias
Ofrecer todo tipo de información	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación e atención individualizada</li> </ul>	• Familias
Informar e formar a profesionais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación e atención individualizada</li> <li>• Congresos, Simposiums, Xuntanzas</li> </ul>	• Profesionais

